



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32/07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ACTA DO FALLO DA “XIX EDICIÓN CERTAME LITERARIO MANUEL-ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ”.

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte e oito de maio de dous mil catorce, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. José Jesús Ramos Ledo (Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria); D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); e D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) como vogais; e D. José López González, Secretario do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma e coa ausencia de D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeu a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo Certame Literario dende a súa creación, cumprindo a súa XIX Edición.

Nesta edición presentáronse setecentas cincuenta e sete obras (757), das cales trescentas vinte e unha (321) corresponden á categoría de poesía e catrocentas trinta e seis (436) á de narrativa. Seis obras foron retiradas a instancia dos autores, tres por ser premiadas noutros certames e dúas por ser obxecto de publicación.

Resaltar o feito de que só sesenta e unha (61) obras foron remitidas a través de correo postal, polo que as restantes seiscentas noventa e seis (696) foron presentadas a través de medios telemáticos, o que se traduce na consagración da adaptación do Certame cos tempos que corren e o esforzo do Concello en facilitar aos autores os medios de presentación das súas creacións; así coma o traballo de organización para asegurar que todas as obras presentadas chegaran ás mans dos membros do xurado.

Asemade os membros do Xurado destacan a enorme calidade no apartado de narrativa, onde desexarían poder dar doce premios, onde tanto os temas de fervente actualidade coma a dureza dos mesmos, sendo a Edición na que valorar os traballo de narrativa foi máis duro e difícil pola súa elevadísima calidade.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema e título **POR LA TIERRA QUE TÚ PISAS**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Dona Mirta Chamorro Mielke**, de Otero de Candamo (Asturias).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésit** no apartado de **POESÍA**.

-Accésit, á obra co lema **Corina** e título **PARA SEGUIR VIVIENDO**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Dona Yolanda Gelices Nieto**, de Terrassa (Barcelona).

Segundo Accésit, á obra presentada baixo o lema e título **SUSPIROS DE VENECIA**, cuxa autora é **Dona Alba Sánchez Ares**, de Santiago de Compostela.

As mencións de Honra recaeron, na obra titulada **A MI PADRE** baixo o lema **Tacicorte**, cuxo autor é **Don Juan Luis Rincón Ares de El Puerto de Santa María** (Cádiz) e a obra baixo o lema **A maceira** e título **ÉGLOGA NO SOUTO** pertencendo a **Don Jesús Alfonso Parada Jato** de O Caurel (Lugo).

SEGUNDO.- Outorgar o premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o lema **Maldonado** e titulada **EL PAPA, SU SANTIDAD, Y LOS SECRETOS DEL VATICANO**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Juan Ángel Cabaleiro**, de Tucumán - Arxentina.


Asemesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA**.

- **Accésit**, á obra presentada baixo o lema **Jonas Nightingale**, co título **"76,50"**, compróbase que o seu autor é **Francisco de Asís Merchán Pérez de Son Ferriol** (Mallorca).

- **Accésit**, á obra presentada baixo o lema **Lupa de Francos**, co título **CHOVE**, sendo a súa autora **Mercedes Blanco Iglesias** de Vigo (Pontevedra).

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema **Nono** e título **ANIVERSARIO DE LA RAE**, cuxo autor é **José Antonio García Villalta** de Málaga e a obra baixo o lema e título **VRINDABÁN, BOSQUE DE ALBAHACAS**, pertencendo a **Lourdes Monert** de Miami (USA).

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e trinta minutos, do que eu, como Secretario dou fe.




Asdo: José Manuel Mato Díaz



Asdo: José Ramón Ramos Ledo

Asdo: Santiago Rodríguez López




Asdo: Xesús Mato Mato

Asdo: Xulio Xíz Ramíl



Asdo: Xavier Rodríguez Barrio



Asdo: José López González